

OS OUTROS DÍAS

## As viudas dos escritores

05.08.2008

ALFREDO CONDE

Recibín o número 6 da revista que edita a Fundación Fernando Buesa Blanco. Titúlase *El Valor de la Palabra* ou, dito na lingua que afirman defender quen asinaron a aquel de quen hoxe toma o seu nome a fundación, *Hizaren balloa*, pois tal é o subtítulo desta revista anual de pensamento. Neste número que lles cito colabouramos algúns galegos, por iso acabo de recibila, pero non por iso falo dela. Xa verán por qué o fago. Digamos, pra empezar, que por orde aparición figuramos no tal volume Margarita Ledo, Blanca Andreu, servidor de ustedes e máis Miguelanxo Prado.

Vin a espléndida ilustración de Prado, non lin aínda o texto de Margarita, nin o meu (Jeréino, non teñan dúbida, éles o xeito de saber *qué* escribiches en realidade e *cómo* o fixeches, pois non lles conozo outro millor; así que xa lles contare) pero si lin o de Blanca Andreu. Titúlase *Sobrevivir a la exclusión*.

Fala nel da viudedade. É oportuno. A Fundación diríxela Natividad Rodríguez Lajo. O *leit motiv*, o lema da convocatoria deste volume, non ven sendo outro que o de "Inclusión/Exclusión". Blanca fala de cómo as viudas sobreviven á exclusión que as atinxe no canto de afrontar, diríase que mesmo no de estrear, a súa nova condición. Ela éo, ou acaso e millor dito, ela están do recordado Juan Benet.

As viudas dos escritores, polo que un leva visto e coñecido, máis aínda polo que leva lido, constituen unha especie á parte. Ou tal afirman quen as coñecen ben. Quizais por iso eu xa non me atreva a deixar ningunha, se me disimulan o chistiño e porque nunca se debe dicir deste viño non proba, que está ágrío; logo, ademais dunha talanqueira, podes agarrar un ardor de estómago deses que marquen época. O caso é que algunhas das que trato non lle fan moito favor ás figuras do finados. Non sucede así no de Blanca, á quen non trato, conste, pero si dalgunhas das que evidentemente non lles darei os nomes por moi frívolo que me erguera da cama, tanto no día de onte coma neste de hoxe, malta que ata aquí mesmo non o tivera confesado. Algunhas xa en vida lles fixeron a puñeta. Como escritores. Como persoas algunha mesmo chegou a facer feliz ó seu inxenuo namorado. Quén? Ai, amigos meus, menos mal que servidor non pensa escribir memorias.

Viudas de escritores. Mulleres novas, as máis delas, abarloadas ás naos senlleiras e afeitas a navegacións non necesariamente de altura, senón de cabotaxe, en moitos casos. Pero millor lean o que escribe Blanca Andreu. Teño pra min que algunha razón sí debe tela. O que non sei é que diran outros deudos do finado. Nesto das feiras *post mortem* cada un adoita falar delas según como nelas lles fora. Facer feira. Velá a segunda maior preocupación humana. Esa e falar dela. Da outra, xa falamos onte. Fixémolo a conta do libro do teólogo Müller, o de *Bicar é orar*. Recórdeno.

ac@alfredoconde.com